

A fin dun imperio

Description

O encarreiramento dunha saÃda polÃtica digna para Timor Leste e a prÃxima devoluciÃn de Macao Ã RepÃblica Popular China escenifican, neste ano finisecular, a fin tamÃn do Imperio portuguÃs. Ã a culminaciÃn da decadencia, a liquidaciÃn dos derradeiros simbolos daquela gran epepeia lusitana.

A pesar dos incidentes intimidatorios protagonizados por forzas paramilitares proindonesias, o regreso de Xanana Gusmao a Dili, a repatriaciÃn dos refuxiados, o retorno das tropas de lacarta Ãs seus cuarteis, e a presenza internacional como garante do proceso normalizador, producen en Portugal e en todo o mundo unha sensaciÃn de alivio e de esperanza ante o futuro da antiga colonia portuguesa. Por fin, a descolonizaciÃn de Timor Leste, un drama seguido con gran angustia no noso paÃs amigo e irmÃn, pode materializarse satisfactoriamente.

Mentres, en Macao, os dÃas estÃn contados. O prÃximo 20 de decembro terÃ lugar a cirimonia de transferencia de poderes. Na sÃa recente visita a Lisboa, Jiang Zemin, o Presidente chinÃs, asegurouse o pleno respaldo da diplomacia portuguesa Ã sÃa intenciÃn de estacionar un continxente militar no enclave. Antonio Guterres confirmou a sÃa presenza en Macao para os actos conmemorativos. Para Macao, Portugal aceptou o modelo de Hong Kong, esto Ã, o compromiso de manter, por un mÃnimo de cincuenta anos, o seu actual sistema polÃtico, social e econÃmico, sen alterar o seu status autÃnomo, conforme o principio de "un paÃs, dous sistemas". A diferenza de Timor-Leste, nada fai pensar que a traxedia empaÃe a descolonizaciÃn desta cidade-casino, a mÃis importante de todo o Oriente.

Se a China afronta o novo milenio desencravando esa espiÃa da humillante presenza estranxeira no seu solo, Portugal, non sen nostalgia, da o seu definitivo adeus Ãs restos dun dos maiores imperios do mundo. "E se mais houbera, lÃ chegara", dicÃa Luis de Camoes. Lisboa e Beijing aspiran a construír unha relaciÃn bilateral sobre novas bases, pero en condiciÃns radicalmente distintas. O goberno portuguÃs non foi quen de garantir como quixera as demandas dos seus compatriotas (Varios milleiros de cidadÃns chineses con pasaporte portuguÃs que se verÃn privados desta nacionalidade, ou a plena garantÃa para as pensÃns dos empregados pÃblicos). Ademais Portugal aceptou a imposiciÃn do xuramento de lealdade Ã RepÃblica Popular China que non existe na Lei BÃsica de Hong Kong. Todos os funcionarios de alto rango deberÃn prestalo.

Beijing soubo tirar proveito do interese de Portugal en estreitar as relaciÃns coa China.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 1, 1999

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 1999-12-01 00:00:00